

SOLUCIÓN COMENTARIO 2.6.MAPA TOPOGRÁFICO.ABAU XUÑO 2018.



1 - Fragmento da folla 1091 do MTN50 - Icod de los Vinos (Sta. Cruz de Tenerife) / Fonte: IGN

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 5 puntos):

a) Ademais de Sta. Cruz de Tenerife, nomee cinco das illas principais que forman o arquipélago canario. (1 punto)

b) Que tipo de mapa é e que información representa? (1 punto).

c) Responda as seguintes cuestións sobre os condicionantes físicos e humanos da área que aparece no mapa (3puntos; 0,5 por cuestión ben resolta)

1. Describa como é o relevo que reflicte o mapa.

2. Que son as curvas de nivel e cal é a de maior altitude que aparece?.

3. Ao oeste de “Garachico” arranca unha vía de comunicación ata “San Juan del Reparo” (TF421). Cales son as súas principais características?.

4. Que tipo de vexetación é a dominante nesta área?.

5. Que tipo de poboamento aparece nesta área?.

6. Cales son os principais usos do solo e aproveitamentos económicos desta área canaria?.

RESPOSTAS

a) Lanzarote, Fuerteventura, Gran Canaria, Gomera, A Palma ,O Ferro(cito 6 pero só hai que indicar 5)

b) É un fragmento da folla 1091 do MTN(Mapa Topográfico Nacional) coo nome de Icod de los Vinos(Sta Cruz de Tenerife)realizado a gran escala(1:50.000) e elaborado polo IGN(Instituto Xeográfico Nacional).

O Mapa Topográfico representa con gran detalle os aspectos físicos(relevo, hidrografía, vexetación) e humanos(usos do solo, hábitat, toponimia) máis destacados dun territorio e que son de interese para a análise xeográfica do lugar.

c) 1.- O relevo é accidentado como podemos comprobar polas curvas de nivel que están moi próximas entre sí, o que indica o forte desnivel existente. Isto é un importante condicionante tanto para as comunicacións como para a actividade económica. Por iso, é diferente o espazo do litoral que o da montaña.

2.- As curvas de nivel ou isohipsas son as liñas que unen os puntos de igual altitude e represéntanse en cor sepia, e trázanse de 10 en 10 ou de 20 en 20 metros. A de maior grosor é a curva mestra e trázase de 50 en 50 ou de 100 en 100 metros.

A que aparece a maior altitude é a de 748 metros , situada no extremo suroccidental do fragmento.

3.- A súa principal característica é o seu trazado sinuoso debido ao relevo accidentado xa que a estrada ten que salvar o forte desnivel do terreo.

4.- A vexetación do arquipélago canario é a típica da rexión bioxeográfica macaronésica na que abundan as reliquias(LAURISILVA) e os endemismos (CARDÓN,PINO CANARIO,TAJINASTE ROJO, VIOLETAS DO TEIDE).Neste fragmento ,o territorio esténdese desde o nivel do mar ata aproximadamente os 800 metros de altitude, polo que a vexetación estrutúrase en pisos.Neste caso , só se incluírían os pisos basal(ata os 300-500 m.) con especies como o cardón e a tabaiba; e o piso intermedio(ata os 800 m) onde destacan as palmeiras, dragos e sabinas. Todas son especies adaptadas á aridez e escasa humidade.

5.- O poboamento concéntrase en pequenos núcleos como Garachico, que están próximos á costa onde o clima e as comunicacións son máis favorables. Outros núcleos son O Tanque, San Juan del Reparo...situados cara ao interior pero en zonas onde o terreo non é tan abrupto(como moito están en torno aos 500 metros de altitude)

6.- Dado o forte desnivel, o territorio non é moi apto para o aproveitamento económico, pero aínda así hai plantacións de plátanos. Pero a zona foise especializando en actividades terciarias vinculadas co turismo grazas ao excelente clima subtropical e ás praias existentes por toda a costa.